



A fábula dos ratos mensaxeiros

**(Ou de como a bruxa Herminia
aprendeu dunha pedra)**



© Xan López Domínguez, texto e ilustracións, 2017

© Ed. Gal.: rodeira, 2017

Rúa Rafael Alberti, 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Infantil: Elena Valencia

Deseño da colección: BOOK & LOOK

Primeira edición: marzo 2017

ISBN 978-84-8349-537-7

Depósito Legal: B. 348-2017

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

Xan López Domínguez

A fábula dos ratos mensaxeiros

**(Ou de como a bruxa Herminia
aprendeu dunha pedra)**

rodeira

Desde moi pequeno axudaba na central de teléfonos que tiña a miña avoa en Castroverde. Atendía chamadas, poñía conferencias, recibía telegramas e tamén os entregaba. Ás veces, dábanme unha propina. Sobre todo cando os telegramas levaban boas noticias.

Unha desas veces o vello Carreira subiume a unha cerdeira da súa horta e dixo:

—Anda..., come ata que te fartes.

Era verán.

E a cerdeira estaba chea de cereixas.

—Uhhmmmmm! Que cousa máis ricaaaaaaaaaa!....

Esa mesma noite, un corvo me contou esta fábula...

Comezo

Os animais, de sempre, fixeron ruídos. Uns miañan, outros ladran, outros roxen, outros asubían, outros pían...

Fano moi alto:

—PÍO..., PÍO...

Ou moi baixo:

—PÍO..., PÍO...

Pero eses ruxidos, superouveos ou requetemuxidos...

—MUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUU!!!!!!

...Eses cacarexos, quiquiriquís, orneos, rinchos e demais acordes que, nas noites de inverno, resoan en bosques e montañas disparáronse por todo o alto non hai menos de cen lúas, por mor dun desencontro entre as toupas e os demais animais.




De toupas e amorodos

A case ninguén lle apetece comer unha toupa.

Como din os depredadores: «Dá un non sei que...». Ese «non sei que», ademais do feito de que transitasen por galerías subterráneas, facía das toupas unha especie ideal para o oficio de Mensaxeiras do Mundo Animal.


A actividade das Mensaxeiras do Mundo Animal consistía única e exclusivamente en levar mensaxes duns animais a outros con rapidez e discreción.

A cambio, as mensaxeiras obtiñan certos beneficios, como o de ser intocables para os demais animais, ou o de poder establecer unha tarifa polos seus servizos, un cobro que os animais lles pagaban ás



toupas co que tiñan máis á man: unha chapa, un caramelo chupado, unha noz... Eran cousas insignificantes para calquera, pero para elas supoñíalles unha forma de entrar en contacto co mundo da luz.





Familias e grupos distanciados por múltiples perigos e dificultades, grazas ás toupas, podían manter unha correspondencia regular, e así coñecer de amoríos, noticias, murmuracións, calamidades ou golpes de sorte.

—Dona Matilde, que a súa nena tivo sete.

—Moitas grazas, señora toupa.

—Non hai de que, dona Matilde.

As toupas son moi súas. Coñécense algo así como cinco tratados sobre as súas teimas. Pero o traballo de mensaxería realizábanos con gran dedicación, e durante moitos anos non houbo entre toupas e animais máis problemas que algún que outro malentendido.



Como di a canción dos birrios:

Fiu... Fiu...

Todo vai ben.

Todo vai ben.

Todo vai ben.

Todo vai ben...

Sempre é verán.

Fai calor

en Zimbabwe

ou en New York.

Todo vai ben.

Todo vai ben.

Todo vai ben

Todo vai ben...



...Todo ía ben, ata que un día, alguén –uns din que foi un esquío, outros un camaleón–, o caso é que alguén lle pagou a unha toupa o seu servizo de mensaxería cun amorodo.

A toupa, cando probou o amorodo, sentiu unha emoción desmedida.

—Uhm... Que cousa máis ricaaa!....

Afeita a sabores tan tristes como as raíces e algún froito seco, o sabor do amorodo era...

—Uhm... Deliciosooooo!

A toupa contoullo a outra toupa. E esa toupa, a outra, e a outra...

—Din que os amorodos saben coma unha cenoria zumenta, brandiña, doce e agre.

A noticia correu de túnel en túnel e ás poucas horas todas as toupas querían cobrar os seus servizos cun amorodo.



Para os demais animais a nova teima das toupas non lles supuxo nin o máis insignificante problema. Era primavera, facía calor, os campos estaban cheos de amorodos e no ceo cantaban os birrios: «*Todo vai ben...*»

Durante ese verán, o servizo de correspondencia funcionou con absoluta normalidade.



Pasaron os meses, chegou o outono e xa non quedaba nin un triste amorodo con que lles pagar ás toupas.

Os animais propuxéronlles outras froitas: uvas, mazás e mesmo kiwis; pero as toupas, que non entendían de estacións, continuaron coa esixencia de cobrar un amorodo polo seu servizo.

As toupas argumentaban, ou máis ben roñaban:

—Queremos amorodos e, se non hai amorodos, non hai correos.





Os animais resignáronse e pasaron o outono, o inverno e o comezo da primavera sen saber dos seus.

—Que será do meu curmán Nicolao —laiaba un lobo subido a unha rocha.

Coas primeiras calores, naceron os primeiros amorodos.

Todos se botaron a por eles con certa temeridade. E cun algo de imprudencia.

—Os verdes non lles gustan —dicíalle, rebuscando nunha silveira unha aguia a unha lebre.

Uns e outros osmaban polos recunchos en busca dun punto vermello que lles permitise ter noticias de familiares e achegados.

Aos poucos días, os campos enchéronse de amorodos.

E escoitábanse por todas as partes os berros dos animais.

—Vaite ao tobo da miña tía Felosía e cóntalle que este inverno un gato malvado acabou coa vida do primo Donato.

As toupas non daban feito.

Multiplicábanse como podían para recuperar o traballo que se lles acumulou durante o outono e o inverno.

Por riba, con tantos amorodos as toupas empezaron a engordar. Xa non se podían cruzar dúas no mesmo corredor, e o servizo de correos fíxose algo pesado e lento.

Pero aínda así continuaron entregando mensaxes ata que apareceron os primeiros cogomelos.

Logo... chegou de novo o silencio.

E empezaron a caer as follas.

—A isto da incomunicación hai que lle poñer remedio —dixo un cervo espelido.

Chegados a este punto, os grandes depredadores decidiron tomar cartas no asunto.

E para iso convocaron unha reunión no xardín da bruxa Doura Flata.

